

O Museo Comarcal da Fonsagrada (Lugo)

Xoán Xosé Molina Vázquez
Presidente do Patronato do Museo

ORIXE

Foi no ano 1983 cando un grupo de oito ou dez persoas considerou por primeira vez a posibilidade de crear un Museo Comarcal na Fonsagrada. Contábase para iso cunha colección de pezas arqueolóxicas propiedade dun dos membros do grupo (Enrique López), así como co coñecemento da prehistoria e arqueoloxía da comarca que prestaba o departamento de Historia do Instituto de BUP e un grupo de afeizoados ao tema. Asimesmo, xa se dispoñía dunha aproximación ao coñecemento da etnografía da comarca, obtida na montaxe de dúas mostras de oficios e artesanía tradicionais, organizadas anteriormente pola Axencia Comarcal do Servicio de Extensiaon Agraria.

PATRONATO

Durante o ano 1984 constituíse legalmente o Patronato do Museo, integrado actualmente por 120 membros, o que lle fai configurarse na práctica como unha asociación de carácter cultural. No seu seo están presentes o Concello, os Colexios Públicos que o desexen e o Instituto de BUP (hoxe de Ensino Secundario). A Xunta Rectora do Patronato está composta por doce membros, formando parte dela o Alcalde da Fonsagrada, como vicepresidente, e o Concelleiro de Cultura como vocal.

FINS DO MUSEO

Como fin de carácter máis xeral o Museo pretende o estudio e conserva-



ción do patrimonio cultural da comarca da Fonsagrada. Como primeiro obxectivo concreto deses principios, aspira a reunir unha escolla de pezas e obxectos que representen do mellor xeito posible as formas de vida e traballo tradicionais que a evolución da vida rural está a punto de deixar no esquecemento. Nese senso, o Museo pretende ser receptor deses movementos de cambio e facelos explícitos aos ollos da propia xente que os vive.

LOCAL E INSTALACIÓN DAS SALAS

Dende a súa fundación ata o ano 1992, o Museo dispuxo dunha ala do edificio das antigas escolas municipais da vila. A falta de entendemento co Concello provocou que dende aquela data o Museo tivera que refuxiarse nun local particular como mero almacén, sen abrirse ao público. O ruinoso esta-

do deste local, así como a insuficiencia da súa superficie moveu á Corporación Municipal elixida en 1995 a ofrecer ao Museo a utilización dos 700 m² dun edificio que viña servindo como ambulatorio da Seguridade Social. Por medio dun Convenio asinado en 1998 polas dúas partes establecéronse as relacións entre o Museo e o Concello, que se comprometeu á rehabilitación interna do edificio e a colaborar no sostemento do Museo. A nova instalación deste ficou por fin rematada no outono de 1998.

O Museo dispón de tres plantas nas que se mostran as distintas seccións, que brevemente pasamos a describir.

A etnografía inclúe a instalación dunha adega, unha forxa de ferreiro e unha lareira na planta baixa, así como unha sección de oficios (cesteiro, zoqueiro, zapateiro, torneiro, cordeiro e tecelá) na primeira planta. O mundo da música está representado nunha vitrina da primeira planta por medio dunha lembranza ao cantor e músico cego Florencio dos Vilares, de quen se conserva o seu violín, cintas gravadas e recordos referidos á súa figura, coñecida en toda a provincia de Lugo e parte do occidente asturiano. A sección do mundo da labranza inclúe mostras sobre o carro e os apeiros, así como a apicultura e o castiñeiro e a súa explotación, na mesma primeira planta. Nesta existe tamén un espazo adicado á escola rural, cunha pequena biblioteca e con material escolar antigo.

O mundo da relixión está representado por un retábulo barroco orixinario da Casa Grande de Peñamaría, na parroquia de Neiro, e que nalgún

momento estivo en perigo de marchar da comarca.

A arquitectura popular da comarca amósase nunha sección da segunda planta, que inclúe o referido á vivenda, os hórreos e os muíños, estes conectados co mundo do cultivo dos cereais. O material exposto foi recollido coa colaboración do Colexio Público de Vilardíaz (muíños), o Instituto de BUP da Fonsagrada (hórreos) e un equipo de alumnos da Escola de Arquitectura da Coriña (vivenda). As notables maquetas expostas son obra de Manuel Miranda. Unha sección de arqueoloxía amosa na segunda planta achados da época das mámoas, da cultura castrexa e da romanización, todo referido á comarca excepto algunhas pezas do paleolítico e neolítico mexicano, que se exhiben como legado dun arqueólogo asturiano, amigo do Museo.

Un xermolo dunha colección de escultura contemporánea repártese entre as distintas seccións do Museo, establecendo, polas súas formas, unha conexión estética que valoriza a calidade formal de moitas pezas etnográficas e destaca o seu poder inspirador en varios e notables escultores galegos contemporáneos (Mónica Alonso, Ignacio Basallo, Luis Borrajo, Manolo Paz, Manuel Patinha, Paco Pestana, Álvaro de la Vega e Fernando Villapol).

Dende o ano 1989 véñense recollendo tamén no Museo fotografías sobre distintos aspectos da comarca e da vila da Fonsagrada, que se expoñen temporalmente segundo van constituíndo grupos temáticos.

A grande maioría das pezas



expostas son doazón desinteresada dos veciños da comarca, que viñeron acoñecendo a idea do Museo con gran interese e colaboración. Unha das últimas aportacións neste censo consistiu na doazón, por parte da familia de Euloxio Gutiérrez (de Maderne), dos recordos persoais da súa estada en Cuba e Arxentina, material que nutre a sección da emigración, instalada no vestíbulo do Museo.

ACTIVIDADES

A pretensión, dende a súa crea-

ción, de proxectar o labor do Museo sobre a realidade, sempre que teña relación cos seus fins, materialízase por medio de diversas actividades consistentes en mostras monográficas, seminarios, xornadas, cursos, etc. Entre elas cabe destacar:

- Mostra titulada "Os soutos da Fonsagrada", sobre a importancia cultural e económica dunha actividade e un cultivo, o do castiñeiro, que aínda presenta posibilidades de recuperación e fomento.

- Seminario sobre Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia e da comarca da Fonsagrada, realizado durante o ano

1989 coa colaboración de Felipe Arias, director do Museo do Castro de Viladonga.

- Xornadas sobre o Camiño Primitivo de Santiago, celebradas en xuño de 1992 co fin de despertar o interese por este camiño cultural e para a súa recuperación, actividade que deu o seu froito na constitución da Asociación de Amigos do Camiño Primitivo de Santiago, que ten a súa sede no Museo e que promoveu a inclusión no mesmo dunha sección adicada a este tema.

- Participación nunha equipa patrocinada pola Consellería de Cultura para o inventario da Arquitectura Popular da comarca, dirixido polo arquitecto Xan Casavella e o historiador Manuel Fernández, xunto con alumnos da Escola de Arquitectura da Coruña, durante os anos 1991-1992-1993.

- Reapertura do Museo, no segundo trimestre de 1999, cun recital do músico Pancho Álvarez en homenaxe ao Cego dos Vilares, cunha charla do economista Xan Carmona sobre as ferrerías da montaña de Lugo, cun roteiro á ferrería de Vilar da Cuña, cunha conferencia do crítico de arte Xavier Seoane sobre tradición e modernidade, e coa presentación da mostra de escultura contemporánea "De ida e volta".

- Mostras das obras de diferentes artistas: Fernando Villapol, escultura (1989), Lomartí, pintura (1990), Xosé Lois, humorista (1991), Marqués de Baxo, escultura (1992), Mónica López, escultura e fotografía (1993), Xurxo Lobato, fotografía (1994), María Xosé Niño e Xosé Lombardía, ceramistas (1994), e "De ida e volta", escultura contemporánea (1999).

O Museo "aproveítase" das capacidades e talentos dos seus amigos e asociados, e así, ten organizado distintos cursos de cerámica e de tecido tradicional impartidos precisamente por socios do propia entidade.

FUNCIONAMENTO ECONÓMICO

O Museo sostense por medio das cotas dos membros do Patronato, das



entradas por visita (houbo 3.200 visitantes no curso 1998-1999), e coa subvención municipal para os gastos de sostemento segundo se establece no citado Convenio asinado co Concello da Fonsagrada.

Os traballos de rehabilitación do edificio do Museo realízanse coa aportación municipal, do Plan Leader, da Consellería de Agricultura, da Consellería de Cultura e do Patronato de Mellora Rural da Consellería de Presidencia.

As actividades organizadas fináncianse coa aportación do propio Museo e con axudas puntuais do Concello.

PERSOAL

Todos os traballos relacionados coa recollida de obxectos, a súa catalogación e, no seu caso, restauración, a atención ao público, a organización de actividades, etc., poden desenvolverse grazas a colaboración de varias persoas que son membros do Patronato do Museo. Esta forma tan participativa de actuar dende a propia entidade, contribúe a unha moi interesante integración desta na sociedade local e, polo tanto, a un sentimento moi estendido de que o Museo pertence ao pobo da Fonsagrada e forma parte integrante do seu patrimonio.

HORARIO

O Museo está aberto ao público de martes a venres, de 12 a 2 da tarde, e os sábados e domingos, de 12 a 2 e de 5 a 7 da tarde.. A entrada custa 200 ptas.

A Fonsagrada, setembro de 1999